



Concello de Cervo

27891 CERVO (Lugo) - Tfno.: 982 55 77 77 - Fax: 982 55 77 29 - C.I.F.: P-2701300-B

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE CERVO E A ASOCIACIÓN VIRGEN DAS DOLORES

En Cervo a 23 de novembro de 2016

Dunha parte, Juan José Pardo Rivas DNI 76564379-R, en calidade de vicepresidente e representante da asociación Virgen das Dolores.

Doutra parte, Alfonso Villares Bermúdez, en calidade de alcalde – presidente do Concello de Cervo, que actúa en nome e representación do mesmo en virtude das competencias recoñecidas polo artigo 21 da Lei Reguladora de Bases de Réxime Local.

EXPOÑEN

PRIMEIRO: Que o concello de Cervo, en exercicio das súas competencias recollidas nos artigos 25 e 28 da Lei Reguladora das Bases de Réxime Local, está interesado en promover e colaborar coa realización das festas das Dolores.

SEGUNDO: Que a asociación Virgen das Dolores, como organizadora das devanditas festas, solicitou do concello unha axuda económica para sufragar os gastos derivados das mesmas.

En base ó anteriormente exposto, o concello de Cervo e a asociación Virgen das Dolores asinan o presente convenio de colaboración coas seguintes

CLAUSULAS

Primeira.- O presente convenio ten por obxecto regular a colaboración económica entre o concello de Cervo e a asociación Virgen das Dolores para a realización das ditas festas.

Segunda.- O concello de Cervo aportará, en concepto de subvención nominativa, a cantidade de 1.500 € con cargo á partida 338/48910 á asociación Virgen das Dolores para a realización das devanditas festas.

Terceira.- A asociación Virgen das Dolores, por medio do seu vicepresidente e representante, comprométese a xustificar os gastos subvencionados mediante as



Concello de Cervo

27891 CERVO (Lugo) - Tfno.: 982 55 77 77 - Fax: 982 55 77 29 - C.I.F.: P-2701300-B

correspondentes facturas orixinais ou copias compulsadas, no prazo máximo de 3 meses dende a notificación da concesión da subvención, así como a someterse ás actuacións de comprobación que poida acordar, no seu caso o órgano competente, e comunicar ó concello a concesión de outras axudas que financien as actividades subvencionadas

Cuarta.- O pagamento da subvención realizarase previa xustificación dos gastos de acordo co establecido na cláusula terceira.

Quinta.- Serán causas de resolución do presente convenio e darán lugar, no seu caso, á devolución das cantidades percibidas:

- O incumprimento de calquera das cláusulas establecidas no mesmo.
- A aplicación dos fondos outorgados para fins distintos dos previstos no presente convenio.
- A falta de xustificación da subvención concedida.

En proba de conformidade cos termos do convenio ámbalas partes asinan o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.



O alcalde

Alfonso Villares Bermúdez

O vicepresidente da asociación

Juan José Pardo Rivas